



Concello de Sarria

DECRETO DO SR. ALCALDE, D. CLAUDIO MELQUIADES GARRIDO MARTINEZ.-

Con data de 29 de abril de 2019, recibíuse notificación de resolución de subvención en réxime de concurrencia non competitiva a concellos declarados municipios turísticos para a contratación de persoal para as oficinas de turismo nos meses de xuño, xullo, agosto e setembro.

Considerando que existe necesidade por parte do Concello do cumprimento de dita subvención, e non poden ser atendidos por persoal funcionario nin laboral fixo, dado que non existe ningún titulado en turismo.

Considerando que ditos traballos non teñen carácter permanente nin previsible por tratarse de unhas actividades estacionais baseadas nunha subvención puntual que en calquera ano pode ser modificada ou desaparecer.

O artigo 19 da Lei 6/2018 de 27 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2018, de carácter básico, e por tanto directamente aplicable, establece que durante o ano 2018 (En vigor a día de hoxe) non se procederá á contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento de persoal estatutario temporal ou de funcionarios interinos salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten o funcionamento dos servizos público ou servizos subvencionados.

Considerando que se trata dun servizo subvencionado e que afecta a moitos usuarios. E que a contratación ten carácter inaprazable pola necesidade de dar cumprimento as necesidades antes mencionadas e dar cumprimento a subvención concedida.

Considerando que por parte da Intervención municipal se emite informe acerca da existencia de crédito axeitado para proceder a dita contratación así como a recomendación de facer modificacións puntuais nas bases da convocatoria.

Polo arriba exposto, veño en acordar:

1. Proceder a modificación das bases redactadas según recomendación da Intervención do Concello e unha vez modificadas proceder a súa aprobación.
2. Publicar a presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, tendo os interesados un prazo de 5 días naturais para a presentación das solicitudes.



Concello de Sarria

ASES ESPECÍFICAS PARA A SELECCIÓN DE DOUS/DUAS, TECNICOS/AS DE TURISMO A MEDIA XORNADA PARA A OFICINA DE INFORMACION TURISTICA DO CONCELLO DE SARRIA.

OBXECTO.

As presentes bases teñen por obxecto a selección e posterior contratación temporal de un tecnico de turismo a media xornada para a Oficina de Informacion Turistica do Concello de Sarria.

TIPO E DURACIÓN DO CONTRATO

O tipo de contrato será de Eventual por circunstancias da produción, para a realización da función antes mencionada, con data máxima de finalización do 15 de setembro de 2019. Dito contrato regularase polo Convenio de Oficinas e Despachos, R.D.L. 2/2015 de 23 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores, R.D. 2720/1998 de 18 de decembro, lei 35/2010 de 17 de setembro, e Lei 3/2012 de 6 de xullo, de medidas urxentes para a reforma do mercado de traballo.

REQUISITOS XERAIS DOS ASPIRANTES.

Os aspirantes a dita praza deberá reunir os seguintes requisitos xerais para participar no proceso selectivo:

- Ser maior de 16 anos.
- Ter nacionalidade dun país membro da Union Europea ou estranxeiro con residencia legal en España.
- Non padecer enfermidade nin defecto físico que lle incapacite para o exercicio da función.
- Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, Comunidades Autónomas nin Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.
- Dispoñer da titulación académica de grao o diplomatura en Turismo.
- Estar en posesión de acreditación de coñecemento de galego, tendo a opción de realizar unha proba escrita sobre o seu coñecemento para os que non presenten acreditación.

Todo os requisitos anteriores deberán posuírse na data en que remate o prazo de presentación de solicitudes para participar no proceso selectivo e manterse durante a vixencia do contrato.

SALARIOS.

Concello de Sarria

Rúa Maior, 14, Sarria. 27600 (Lugo). Tfno. 982535000. Fax: 982530916



Concello de Sarria

O persoal contratado recibira un salario mensual de 600,00 € e 100 € de prorratio das pagas extra, a media xornada, de luns a domingo, cos correspondentes descansos, establecidos por Lei e o horario será establecido polo Concello.

FUNCIÓNS.

- Ordenación e planificación de actividades.
- Xestión dos recursos.
- Coordinación e organización das tarefas a realizar.
- Impulsar e propoñer accións transversais colectivas no territorio, de carácter sectorial e intersectorial na Comarca de Sarria.

FORMA DE SELECCIÓN.

A selección realizarase en dúas fases. A puntuación máxima será de 100 puntos:

- 1ª FASE: VALORACIÓN DE MÉRITOS. Poderase obter ata un máximo de 40 puntos.
- 2ª FASE: PROBA PRÁCTICA. Poderanse obter ata un máximo de 60 puntos.

REQUISITOS MÍNIMOS DOS ASPIRANTES.

Técnico medio: Diplomatura ou grao en Turismo.

VALORACIÓN DE MÉRITOS.

Consistirá na avaliación por parte do tribunal dos méritos aportados por cada un dos aspirantes en base os seguintes baremos:

- Formación (ata 17 puntos): pola asistencia a cursos, seminarios, xornadas e congresos, impartidos por Administracións públicas, Sindicatos, Universidades ou Colexios Oficiais, relacionados co posto de traballo, obxecto da convocatoria, valorándose do seguinte xeito:
 - Por cada curso con unha duración igual ou superior a 50 horas, 1,5 puntos con unha puntuación máxima de **4,5 puntos**.
 - Por cada curso de 20 a 49 horas, 0,5 puntos por curso ata un máximo de **4 puntos**.
 - Por cada curso de menos de 20 horas, 0,05 puntos por curso ata un máximo de **3 puntos**.
 - Cursos relacionados co coñecemento de unha lingua estranxeira, con unha duración mínima de 100 horas, **5,5 puntos**

Concello de Sarria



Concello de Sarria

Este punto deberase xustificar ca presentación de certificados, orixinais ou copias dos correspondente títulos

- Experiencia laboral (ata 23 puntos)
 - Por cada mes de traballo como técnico de turismo en calquera Administración Publica, 0,30 puntos por mes ata un máximo de **21 puntos**.
 - Por cada mes de traballo en postos relacionados, ou tarefas que teñan relación directa co mesmo, en empresa privada, 0,15 puntos por mes ata un máximo de **2 puntos**.
Este punto deberase xustificar mediante a presentación dos correspondentes contratos de traballo e informe de vida laboral.

PROBA PRÁCTICA

Consistirá no desenvolvemento de dúas probas:

1.- A proba de avaliación dos coñecementos dos/das aspirantes deberá amosar o dominio dos contidos do temario que se inclúe no Anexo I.

Consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de 50 preguntas tipo test, con 4 alternativas de resposta cada unha, que serán propostas polo Tribunal. Os/as aspirantes disporán dun tempo máximo de unha hora para a súa realización. A proba cualificarase polo Tribunal de 0 a 30 puntos, sendo necesario acadar unha puntuación de 15 puntos para superala.

2.- Realización por escrito de un proxecto no que se desenvolva a proposta de actuación relacionada cas actividades propias das funcións a desempeñar, valorándose a claridade de ideas, o nivel de coñecemento de competencias profesionais, a innovación e orixinalidade dos planteamentos, a planificación, síntesis e desenvolvemento do proxecto, adecuación a realidade do territorio, a súa orientación para a creación de emprego, así como a correcta redacción, ortografía e presentación. A duración da proba será de sesenta minutos. A proba cualificarase polo tribunal de 0 a 30 puntos, sendo necesario acadar unha puntuación de 15 puntos para superala.

A valoración total da proba práctica será de 60 puntos, sendo necesario superar as dúas probas de que consta, sendo a valoración total a suma do acadado en cada unha.

TRIBUNAL DE SELECCIÓN.

Estará formado polos seguintes membros:

- Presidente.
- Secretario
- Tres vocais, con titulación igual ou superior a praza ofertada.

Para cada membro do Tribunal designarase un suplente cos mesmos requisitos e condicións.

Concello de Sarria



Concello de Sarria

O tribunal non poderá constituirse nin actuar válidamente sin a asistencia do Presidente e polo menos dous vocais, titular ou suplente. As decisións adoptaranse por maioría de votos dos asistentes.

O Tribunal poderá contar coa asistencia e asesoramento de representantes dos sectores , hoteleiro, hosteleiro e comercial. Tamén poderá valerse de expertos en idiomas e demais materias relacionadas coa acreditación dos méritos do aspirante.

INSTANCIAS E PRAZOS.

- O prazo de presentación de instancias será de 5 días naturais, contados a partires do día seguinte de publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia.
- As bases así como as instancias de solicitude estarán no Concello de Sarria.
- As instancias debidamente cubertas (anexo I) xunto ca declaración de incompatibilidade (anexo II) deberán acompañar dos seguintes documentos:
 - a) Fotocopia DNI.
 - b) Fotocopia documentación obligatoria.
 - c) Fotocopia documentación a baremar.
- Rematada a presentación de solicitudes farase pública a lista provisional de admitidos é excluídos, contando con tres días hábiles para a subsanación de defectos por parte dos candidatos.
- Rematado o prazo de subsanación de defectos publicarase a lista definitiva de admitidos é excluídos así como a composición do Tribunal e a data da realización da proba práctica.

LISTA DE APROBADOS.

As persoas que acaden maior puntuación, na suma das dúas probas, serán propostos polo correspondente Tribunal á Sra. Alcaldesa para a formalización do correspondente contrato de traballo.

A lista de aprobados será exposta no Taboleiro de Anuncion e na páxina WEB do concello.

RECURSOS

En todo o non previsto nestas bases rexerá a lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, lei 30/1984, de 2 de agosto cas súas modificacións, Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, lei 30/1992, de 26 de novembro, e demais disposicións concordantes.



Concello de Sarria

ANEXO I

TEMARIO XERAL.-

1. A Constitución Española de 1978, título preliminar: Valores e principios inspiradores. Dereitos e Liberdades na Constitución.
2. O Estatuto de Autonomía de Galicia. As competencias da Comunidade de Galicia. O Presidente e o Goberno, organización e estrutura básica das Consellerías. Organización municipal: competencias municipais e funcionamento dos órganos Colexiados locais.
3. Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Ámbito de aplicación e principios xerais. Dereitos dos cidadáns nas súas relacións cas Administracións públicas. O Procedemento Administrativo común: Garantías, iniciación, ordenación, instrucción finalización e execución.
4. O RDL 5/2015 que aproba o Estatuto Básico do Empregado Público. Clases de empregados públicos, Dereitos, Deberes e incompatibilidades dos empregados públicos. Especial Referencia a lei de Emprego Público de Galicia.

TEMARIO ESPECÍFICO .-

5. Normativa autonómica de Galicia en materia de Turismo.
6. Plan Estratéxico de turismo 2017-2020 de Galicia.
7. Lexislación de Extranxería: cidadáns comunitarios e non comunitarios. Tipos de visado. En especial, tratamento e procedemento do visado de turista.
8. Xeografía do Concello de Sarria. Comunicacions de Sarria ca CCAA de Galicia e resto de España.
9. Creación e desenvolvemento de produtos turísticos locais. Recursos patrimoniais, naturais e turísticos de Sarria, a súa comarca e Galicia.
10. Atención ó público dos servizos de información turística. Dereitos dos usuarios turísticos: consellos e orientacións.
11. As novas tecnoloxías como fontes de información e promoción turística. Canles e medios de comunicación e información turística. A importancia das redes sociais para o sector turístico.
12. Tradición, comercio e gastronomía da Comarca de Sarria. Forma e medios de promoción. As feiras turísticas.
13. Oferta e demanda turística hoteleira e aloxamentos en Sarria e Comarca.
14. Financiación de actividades de promoción e información turística. Concello de Sarria.



Concello de Sarria

ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLE

D/a.....provisto de DNI
nº....., con domicilio na
R/.....núm.piso.....
C.P..... Localidade,.....Municipio.....
Provincia.....Teléfono.....

DECLARO:

Que non estou afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas, de non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que me impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes a praza á que opto e de non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas; no caso de ser nacional doutro Estado, de non estar inhabilitado/a ou en situación equivalente, nin estar sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que me impida, no meu Estado, nos mesmos termos, o aceso ó emprego público.

Sarria,.....de.....2019

Asdo:



Concello de Sarria

MODELO DE INSTANCIA

D/Dña.....
DNI.....
Teléfono.....
Correo electrónico.....
Provincia.....

SOLICITA ser admitido no proceso selectivo para a contratación con carácter temporal de dous/duas técnicos/as de turismo, polo Concello de Sarria, considerando que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases que regulan o devandito proceso selectivo, ás que acata e para o cal achega a documentación contemplada nestas.

En..... a de..... de 2019.

FIRMA

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE SARRIA.

Concello de Sarria

Rúa Maior, 14, Sarria. 27600 (Lugo). Tfno. 982535000. Fax: 982530916